

TITULO DE GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

1. Introducción

O novo plano de estudos de Dirección e Xestión Pública, que será implantando en bloque no vindeiro ano académico 2009/10, nace a raíz da necesidade de adaptar os actuais estudos ao novo marco lexislativo derivado do chamado *Proceso de Boloña*, polo que diferentes estados europeos decidiron homoxeneizar algúns aspectos dos seus respectivos modelos de ensinanza universitaria. O seu impacto afecta a aspectos como:

- Os actuais títulos de licenciatura e diplomatura son transformados en títulos de graos, cunha duración, para a Dirección e Xestión Pública, de 4 cursos distribuídos en 8 cuatrimestres. Deste xeito, os futuros egresados recibirán o título de Graduado en Dirección e Xestión Pública.
- Os alumnos/as, despois da conclusión dos cursos correspondentes ao Grao, poderán optar pola súa integración no mercado de traballo ou completar a súa formación a través da oferta de Cursos de Posgraos e Mestrías que ofertan as Universidades, destinados nun casos cara a especialización profesional e noutros ó inicio do proceso de investigación conducente ao Título de Doutor.
- Os Títulos de Grao serán máis homologables a nivel europeo cos actuais Títulos de Licenciatura e Diplomatura. Tamén, haberá máis oportunidades para a mobilidade dos estudantes a nivel español e europeo, de xeito que haberá menos problemas á hora de continuar estudos noutras universidades.
- Os novos Graos toman como unidade básica de medida o crédito ECTS, común a todas as universidades acollidas ao Plan Boloña e que permite comparar e valorar os coñecementos e horas de preparación do estudante, independentemente do centro onde realizou os seus estudos. Cada crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo/estudo estudante.
- Unha maior importancia das horas de formación práctica, en detrimento das horas de teoría. Os novos planos de estudo contemplan grupos de alumnos/as reducidos para o seguimento de traballos.
- O ensino estará baseado principalmente en actividades para seren desenvolvidas polo estudante, perdendo forza o mero estudo memorístico.
- Un plano de titorización individual asigna a cada alumno, unha vez matriculado, un profesor-titor encargado de guialo a través da súa estada na universidade, tanto dende o punto de vista académico como administrativo.
- A realización, no último cuatrimestre e con carácter obrigatorio, dun Traballo de Fin de Grao que permita avaliar, de maneira conxunta, os coñecementos e competencias adquiridas polos estudantes en todo o seu período formativo.
- A realización de Prácticas en Institucións, Empresas e Organizacións Públicas, como elemento dinamizador e de conexión co mundo laboral.
- A inclusión de 60 créditos de Formación Básica, automaticamente convalidables se o alumno cambia a outra Titulación, dentro da mesma rama de Coñecemento.

2. Descrición xeral do Grao en Dirección e Xestión Pública

- Rama de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Duración mínima: 4 anos.
- Prazas: 40 (Campus de Pontevedra)
- Linguas empregadas: castelán e galego.

A **principal fortaleza** do Grao en Dirección e Xestión Pública é o seu carácter multidisciplinar, combinando as seguintes áreas de coñecemento:

- Ciencia Política e da Administración
- Contabilidade.
- Dereito.
- Economía.
- Estatística.
- Informática.
- Mercadotecnia.
- Socioloxía.

Grazas a esta heteroxeneidade de coñecementos, o Grao orienta aos alumnos/as dun xeito integral cara a dirección e xestión das organizacións públicas e daquelas organizacións privadas cunha relación estreita coa Administración Pública.

Polo tanto, as **saídas profesionais** do Grao en Dirección e Xestión Pública están dirixidas ó ámbito público –Administracións Públicas estatais, autonómicas e locais-, ben de xeito directo (funcionario ou persoal laboral, previa superación das probas oportunas), ben de xeito indirecto como técnicos de servizos para estas administracións ou outras organizacións tales como Mancomunidades, Comarcas ou Consorcios. Tamén no ámbito privado o graduado en Dirección e Xestión Pública pode acceder a postos de traballo en empresas (asesorías e consultoras) en ONGs ou en fundacións.

3. Perfil

A estrutura do plano configúrase en torno aos seguintes 2 perfís dos futuros graduados en Dirección e Xestión Administrativa:

- **Técnico de Organizacións Públicas** que inclúe 4 subperfís:
 - **Técnico en Administracións Públicas:** Perfil orientado aos empregados públicos actuais e futuros que desenvolven funcións de administración xeral no seo de calquera das administracións públicas.
 - **Xestor de Organizacións Públicas:** Perfil orientado ao persoal funcionario e laboral actual e futuro que debe dirixir e xestionar unidades organizativas de calquera dos niveles administrativos.
 - **Analista de Políticas Públicas:** Perfil orientado a persoas que tanto en institucións públicas como en organizacións privadas e do terceiro sector desexan traballar na análise de políticas públicas así como no seu deseño, formulación, implementación e avaliación.
 - **Analista Político:** Perfil orientado a persoas que tanto en institucións públicas como en organizacións privadas e do terceiro sector

desexan traballar na análises daqueles aspectos que inciden no ámbito político (partidos políticos, empresas de comunicación, consultoras, asesorías...)

- **Xestor de Proxectos** que comprende 3 subperfís:
 - **Asesor e Consultor:** Perfil orientado a persoas que desexan traballar en empresas de asesoramento e consultoría que prestan os seus servizos para as administracións públicas e o terceiro sector.
 - **Analista de Políticas Públicas:** Perfil orientado a persoas que tanto en institucións públicas como en organizacións privadas e do terceiro sector desexan traballar na análise de políticas públicas así como no seu deseño, formulación, implementación e avaliación.
 - **Axente de Desenvolvemento Local:** Perfil orientado a aqueles técnicos da administración local que desexan traballar no ámbito de proxectos comunitarios, estatais e autonómicos.

4. Obxectivos

Tendo en conta:

- A contorna político-administrativa da Unión Europea, do Estado español e das Comunidades Autónomas.
- A pluralidade de paradigmas, teorías e modelos da Xestión e Administración Pública procedentes da Ciencia Política e da Administración, do Dereito, da Economía e Empresa, e da Socioloxía.
- As demandas profesionais detectadas tanto nas Institucións e Organismos públicos así como en organizacións do Terceiro Sector.
- O *Libro Branco de Ciencia Política, Socioloxía, Xestión e Administración Pública*, así como as propostas da *Conferencia Interuniversitaria de diplomaturas de Xestión e Administración Pública*.

Os **obxectivos xerais** do Grao en Dirección e Xestión Pública son os seguintes:

- Proporcionar aos estudantes unha base sólida de coñecementos básicos en Ciencia Política e Administración Pública, Dereito, Economía e Empresa, Socioloxía, Informática e Estatística, orientados cara a Xestión Pública.
- Xerar no estudante un espírito crítico de análises que lles permita valorar a importancia dos seus coñecementos en contornas políticas, sociais e económicas nacionais e internacionais.
- Promover o interese no obxecto de estudo e preparar ao estudante para continuar estudos de especialización nun segundo ciclo de educación superior.
- Proporcionar ao estudante instrumentos de aprendizaxe e investigación para dotalo de maior autonomía.

Pola súa banda, os **obxectivos específicos** do Grao en Dirección e Xestión Pública son os seguintes:

- Inculcar aos estudantes un interese pola aprendizaxe da Xestión e Administración Pública dentro dos sistemas político-administrativos dende unha perspectiva interdisciplinar.

- Coñecer a natureza e os métodos aplicables á Xestión e Administración Pública dende unha perspectiva histórica e contemporánea.
- Desenvolver nos estudantes as habilidades esixidas para aplicar os coñecementos adquiridos na práctica profesional.

5. Distribución do plano de estudos en créditos ECTS por tipo de materia.

TIPO DE MATERIA/ASIGNATURA	CRÉDITOS A CURSAR	CRÉDITOS OFERTADOS
FORMACIÓN BÁSICA	60	60
OBRIGATORAS	126	126
OPTATIVAS	30	60
PRÁCTICAS PROFESIONAIS (optativas)	12	12
TRABALLO DE FIN DE GRAO (obligatorio)	12	12
TOTAL	240	270

6. Distribución do plano de estudos por módulos

Estas materias están distribuídas en 3 Módulos:

- **Dirección Pública:** Engloba aquelas materias que buscan desenvolver no alumno os coñecementos, habilidades e actitudes axeitadas para que poidan deseñar todo tipo de políticas e programas públicos así como tomar decisións sobre calquera función ou aspecto relacionado cunha organización pública.
- **Xestión Pública:** Engloba aquelas materias que buscan desenvolver no alumno os coñecementos, habilidades e actitudes axeitadas para que poidan por en marcha políticas e programas públicos así como desempeñar coa máxima eficacia as tarefas encomendas por unha organización pública.
- **Contexto e Sistema:** Engloba aquelas materias que buscan desenvolver no alumno os coñecementos, habilidades e actitudes axeitadas para que poidan recoñecer a contorna política, económica e social onde se inxire e desenvolve o fenómeno da xestión pública.

A continuación móstrase as distribución de materias por cada módulo

Módulo I: Dirección Pública

Cód.	Nome	Créditos	Car.	Cuadri.	Curso
G090202	Estrutura Social Contemporánea	6.0	FB	2SG	1º
G090204	Políticas Públicas	6.0	FB	2SG	1º
G090402	Xestión de Recursos Humanos I: Perspectiva Legal [NI/NM]	6.0	OB	2SG	2º
G090403	Xestión de Recursos Humanos II: Organización e Xestión do Emprego Público [NI/NM]	6.0	OB	2SG	2º
G090503	Habilidades Directivas nas Administracións Públicas [NI/NM]	6.0	OB	1SG	3º
G090602	Dirección Pública: Liderado e Lexitimidade [NI/NM]	6.0	OB	2SG	3º
G090603	Mercadotecnia Pública en Sector Non Lucrativo [NI/NM]	6.0	OB	2SG	3º
G090901	Avaliación de Políticas, Programas e Proxectos Públicos [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090902	Axenda Pública: Percepción Cidadá das Políticas e Servizos Públicos [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090906	Modelos de Mellora Continua nas Adm. Públicas e o Sector Non Lucrativo [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090908	Pensamento e Planificación Estratéxica no Ambito Público e o Sector non Lucrativo [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090912	Xestión de Proxectos Públicos e do Sector Non Lucrativo [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º

Modúlo II: Xestión Pública

Cód.	Nome	Créditos	Car.	Cuadri.	Curso
G090101	Dereito Administrativo I	6.0	FB	1SG	1º
G090102	Dereito Constitucional	6.0	FB	1SG	1º
G090201	Contabilidade Financeira	6.0	FB	2SG	1º
G090203	Introdución á Estatística Administrativa	6.0	FB	2SG	1º
G090302	Dereito Administrativo II [NI/NM]	6.0	OB	1SG	2º
G090303	Dereito do Traballo e da Seguridade Social [NI/NM]	6.0	OB	1SG	2º
G090304	Dereito Financeiro e Tributario [NI/NM]	6.0	OB	1SG	2º
G090305	Xestión de Documentos e Información Administrativa [NI/NM]	6.0	OB	1SG	2º
G090401	Sector Público [NI/NM]	9.0	OB	2SG	2º
G090404	Xestión Pública e Organización de Servizos Administrativos [NI/NM]	9.0	OB	2SG	2º
G090501	Cálculo Financeiro Aplicado ao Sector Público [NI/NM]	6.0	OB	1SG	3º
G090504	Xestión da Contratación Pública [NI/NM]	6.0	OB	1SG	3º
G090505	Xestión Tributaria [NI/NM]	6.0	OB	1SG	3º
G090601	Contabilidade Pública [NI/NM]	6.0	OB	2SG	3º
G090604	Metodoloxías e Técnicas de Investigación Social Aplicadas ás Administracións Públicas [NI/NM]	6.0	OB	2SG	3º
G090605	Técnicas de Xestión Orzamentaria [NI/NM]	6.0	OB	2SG	3º
G090903	Etica Pública e Responsabilidade Xurídica do Empregado Público [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090904	Financiamento Autonómico e Local [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090909	Socioloxía do Desenvolvemento Local [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090910	Técnicas de comunicación electoral e institucional [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090911	Xestión de Proxectos no Ambito Autonómico e Local [NI/NM]	6.0	OP	1SG	4º
G090913	Goberno e Administración Electrónica [NI/NM]	6.0	OP	2SG	4º
G090914	Novas Tecnoloxías Aplicadas á Xestión Pública [NI/NM]	6.0	OP	2SG	4º

Módulo III: Contexto e Sistema					
Cód.	Nome	Créditos	Car.	Cuadri.	Curso
G090103	Economía	6.0	FB	1SG	1º
G090104	Fundamentos de Ciencia da Administración	6.0	FB	1SG	1º
G090105	Introdución á Ciencia Política	6.0	FB	1SG	1º
G090205	Sistema Político Español e Galego	6.0	FB	2SG	1º
G090301	Sistema Político e Económico da Unión Europea [NI/NI]	6.0	OB	1SG	2º
G090502	Gobernos Locais [NI/NI]	6.0	OB	1SG	3º
G090905	Institucións Político- Administrativas en Perspectiva Comparada [NI/NI]	6.0	OP	1SG	4º
G090907	Participación Política e Sociedade Civil [NI/NI]	6.0	OP	1SG	4º

7. Traballo de fin de Grao

O Traballo de Fin de Grao, obrigatorio e de 12 créditos ECTS, deberá realizarse no último cuadrimestre. Está orientado á avaliación das competencias xerais asociadas á titulación.

8. Prácticas externas

As prácticas en Institucións, Empresas e Organizacións Públicas, con 12 créditos optativos, levaranse a cabo no último cuadrimestre da titulación.

9. Estrutura do plano de estudos por curso e cuadrimestres

CURSO	CUAT.	ASIGNATURAS	CRÉDITOS	TIPO	FICHA
1º	1º	Ciencia Política I: Introducción a la Ciencia Política	6	BÁSICA	1
		Ciencia Política II: Fundamentos de Ciencia de la Administración	6	BÁSICA	2
		Economía	6	BÁSICA	3
		Derecho constitucional	6	BÁSICA	4
		Derecho administrativo I	6	BÁSICA	5
	2º	Sociología: Estructura social contemporánea	6	BÁSICA	6
		Empresa: Contabilidad financiera	6	BÁSICA	7
		Estadística: Introducción a la estadística administrativa	6	BÁSICA	8
		Ciencia Política III. Políticas públicas	6	BÁSICA	9
		Ciencia política IV: Sistemas políticos español y gallego	6	BÁSICA	10
2º	1º	Gestión de documentos e información administrativa	6	OBLIGATORIA	11
		Política y economía de la Unión Europea	6	OBLIGATORIA	12
		Derecho del trabajo y de la seguridad social	6	OBLIGATORIA	13
		Derecho financiero y tributario	6	OBLIGATORIA	14
		Derecho administrativo II	6	OBLIGATORIA	15
	2º	Gestión pública y organización de servicios públicos	9	OBLIGATORIA	16
		Gestión de recursos humanos I: perspectiva legal	6	OBLIGATORIA	17
		Sector público	9	OBLIGATORIA	18
		Gestión de recursos humanos II: organización y gestión del empleo público	6	OBLIGATORIA	19
3º	1º	Gestión tributaria	6	OBLIGATORIA	20
		Habilidades directivas en las admon. Públicas	6	OBLIGATORIA	21
		Gestión de la contratación del Sector Público	6	OBLIGATORIA	22
		Gobiernos locales	6	OBLIGATORIA	23
		Cálculo financiero aplicado al sector público	6	OBLIGATORIA	24
	2º	Metodología y Técnicas de investigación social aplicadas a las administraciones públicas	6	OBLIGATORIA	25
		Marketing público y del sector no lucrativo	6	OBLIGATORIA	26
		Dirección pública: liderazgo y legitimidad	6	OBLIGATORIA	27
		Contabilidad Pública	6	OBLIGATORIA	28
		Técnicas de Gestión Presupuestaria	6	OBLIGATORIA	29
4º	1º	<i>Agenda pública: percepción ciudadana de las políticas y servicios públicos</i>	6	OPTATIVA	30
		<i>Modelos de mejora continua en las administraciones públicas y el sector no lucrativo</i>	6	OPTATIVA	31
		<i>Pensamiento y planificación estratégica en el ámbito público y el sector no lucrativo</i>	6	OPTATIVA	32
		<i>Gestión de proyectos públicos y del sector no lucrativo</i>	6	OPTATIVA	33
		<i>Ética pública y responsabilidad jurídica del empleado público</i>	6	OPTATIVA	34
		<i>Sociología del desarrollo local</i>	6	OPTATIVA	35
		<i>Gestión de proyectos en el ámbito autonómico y local</i>	6	OPTATIVA	36
		<i>Financiación autonómica y local</i>	6	OPTATIVA	37
		<i>Participación política y sociedad civil</i>	6	OPTATIVA	38
		<i>Evaluación de políticas, programas y proyectos públicos</i>	6	OPTATIVA	39
	2º	<i>Técnicas de comunicación electoral e institucional</i>	6	OPTATIVA	40
		<i>Instituciones político-administrativas en perspectiva comparada</i>	6	OPTATIVA	41
		<i>Nuevas Tecnologías aplicadas a la Gestión Pública y a la Administración Pública</i>	6	OPTATIVA	42
		<i>Gobierno y administración electrónica</i>	6	OPTATIVA	43
		Trabajo fin de grado	12	OBLIGATORIA	44
Prácticas de empresa	12	OPTATIVA	45		

10. Mobilidade

A oferta existente para mobilidade abrangue tanto prazas a nivel estatal (Programa SICUE-SÉNECA) como a nivel internacional (bolsas ERASMUS, bolsas de intercambio e bolsas ISEP). Neste senso, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación conta con 2 convenios que se materializan en 2 prazas en universidades españolas e 8 convenios (15 prazas) con universidades de Alemaña, Austria, Portugal e Italia. Por outra banda, a ORI publica cada ano unha oferta de prazas de intercambio xeral para todas as facultades da Universidade de Vigo.

Enlace á memoria completa:

http://webs.uvigo.es/victce/images/documentos/MEMORIAS_DEFINITIVAS/UVI_Grado_en_Direccion_y_gestion_publica.pdf